

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES POR PARTE DO ALUMNADO DO GRAO DE CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE.

REÚNENSE

Dunha banda, don Diego Calvo Pouso, nomeado vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes a través do Decreto 65/2023, do 14 de xuño, polo que se nomea vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes a Diego Calvo Pouso, e en uso das competencias establecidas no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, actualmente Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes de conformidade co Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Doutra, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da comunidade autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 117, do 20 de xuño, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 38, do 22 de febreiro.

Ambas as partes teñen plena capacidade para cumprir o presente convenio de cooperación educativa e EXPOÑEN

I. Conforme o establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado por Lei Orgánica 1/1981, de 6 abril, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia de promoción do deporte (artigo 27.22), competencia que é desenvolta pola Lei 3/2012, do 2 abril, do deporte de Galicia (DOG de 13 abril).

O artigo 26 da dita lei, especifica que a Administración deportiva da Comunidade Autónoma colaborará coas universidades radicadas en Galicia nas actividades de fomento e promoción da actividade física e do deporte, así como na organización e realización das actividades deportivas non encadradas en competicións oficiais.

De conformidade co Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e a Disposición transitoria primeira do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a competente para o desenvolvemento da política deportiva de Galicia, e de conformidade do art. 15. f) do Decreto 117/2022, do 23 de xuño, "En relación cos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, corresponderalle coordinar e supervisar o seu funcionamento e prestarlles a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade".

II. O Centro Galego de Tecnificación Deportiva (en adiante CGTD), é unha instalación de titularidade autonómica que ten por finalidade atender ao perfeccionamento dos deportistas e cuxa actividade se desenvolve fundamentalmente no ámbito autonómico.

III. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (en diante, Consellería), a través da Secretaría Xeral para o Deporte, ten interese en colaborar no sistema de formación práctica do alumnado da Universidade de Vigo, ao considerar que esta actividade pode resultar de gran interese para completar a formación dous futuros profesionais. Esta colaboración realizarase a través do Centro Galego de Tecnificación Deportiva, como centro de referencia no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito do rendemento e tecnificación dos deportistas galegos.

IV. O Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de alumnados universitarios establece no seu artigo 8.1.a) a posibilidade de que os alumnados matriculados en ensinos impartidos pola Universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.

V. O Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario, establece no seu artigo 8.f) o dereito do alumnado á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.

VI. A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade de Vigo, por iso é polo que é un dos seus obxectivos complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permita coñecer a realidade laboral

VII. Todas as partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, alcanzando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

VIII. Co Convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa na que se delimite as garantías recíprocas do alumnado e da Consellería no desenvolvemento do período de prácticas.

Con este fin, acordan establecer un convenio de cooperación educativa de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Ten por obxecto a formalización dun convenio de cooperación educativa entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia e Deportes e a Universidade De Vigo polo que os estudantes matriculados en ensinos conducentes á obtención dun título oficial de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte na Universidade de Vigo poidan realizar prácticas curriculares nas instalacións do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra adscrito á Consellería, co fin de completar a súa educación universitaria. As prácticas serán curriculares.

Segunda. Acollemento do estudantado

Namentres este convenio estea vixente, a Consellería está en disposición de acoller estudantes da Universidade de Vigo do grao indicado para realizar prácticas académicas externas curriculares, sen que exista ningunha obriga ao respecto. As condicións de cada praza de prácticas recolleranse nun anexo ao presente convenio, no que figurarán polo menos os datos do/a estudante, a duración, a modalidade e o lugar onde se realizan as prácticas, así como o proxecto formativo obxecto da práctica. De fixarse outras formas de colaboración, especificaranse no anexo correspondente que, por parte da Universidade de Vigo, asinará a persoa responsable de prácticas do centro universitario, da titulación de mestrado ou o titor/a académico.

Terceira. Relación entre o estudantado e a institución

1. A relación do alumnado en prácticas coa Consellería non terá en ningún caso carácter laboral e, por tanto, non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas no Estatuto dos Traballadores.
2. As actividades estarán sempre orientadas á aprendizaxe práctica, polo que o alumnado en prácticas non poderá realizar tarefas de responsabilidade nesta Consellería, nin as propias e exclusivas do seu persoal.
3. A Consellería non poderá cubrir con alumnado en prácticas ningún posto de traballo, nin sequera con carácter eventual ou interino.
4. Durante o período de prácticas non se poderá formalizar ningún contrato de traballo entre a Consellería e o alumnado.
5. O estudantado comprometerase a gardar o segredo profesional no referido aos traballos obxecto das prácticas e.

Cuarta.- Requisitos do alumnado en prácticas.

Para a realización das prácticas académicas curriculares os alumnos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculados no grao indicado na cláusula primeira e ter superado o 50% da carga lectiva total do seu plan de estudos.
- b) No caso de prácticas externas curriculares, estar matriculado na asignatura vinculada, segundo o Plan de Estudos
- c) Non manter ningunha relación contractual coa Consellería, salvo autorización ao abeiro da normativa interna da Universidade de Vigo.

Quinta. Titorización

A Universidade de Vigo, a través dos seus centros docentes ou as propias comisións de mestrados, designará un titor/a académico para cada estudante en prácticas. Pola súa parte, o CGTD designará tamén unha persoa con experiencia profesional e cos coñecementos necesarios para realizar unha tutela efectiva. As persoas que titoricen o/a estudante na entidade colaboradora externa serán quen de comunicar e de facer o seguimento de calquera incidencia que ocorra durante as prácticas. A Universidade de Vigo, a través dos seus centros docentes ou as propias comisións de mestrados, outorgaranlle a esa persoa designada pola entidade a certificación na que se recoñeza a tarefa realizada.

Sexta. Duración, réxime de permisos e condición de resolución anticipada das prácticas

- 1.- As prácticas curriculares terán como duración máxima correspondente de acordo coa súa cuantificación en créditos na memoria de verificación do título. Agás as prácticas profesionalizantes, a duración total de prácticas curriculares nunha mesma entidade colaboradora non poderá exceder os 30 créditos ECTS ao longo da titulación, sexa ou non de forma interrompida, e cuantificaranse para estes efectos 25 horas/crédito (750 horas).
- 2.- As prácticas poderán desenvolverse durante o ano académico no que se matricule o estudante e poderá exceder do período ordinario do curso académico co límite ata o 30 de setembro do curso seguinte.
- 3.- Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas características das mesmas e as dispoñibilidades da Consellería, e deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolto polo alumnado na Universidade de Vigo.
- 4.- O réxime de permisos será acordado entre a Consellería e o alumnado, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade de Vigo poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da Consellería as obrigacións que se deriven do cumprimento da actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolto polo alumnado na Universidade de Vigo. En particular, os estudantes teñen dereito, no seu caso, a realizar os exames correspondentes aos estudos oficiais e títulos propios en que se matriculou e a Consellería vén obrigada a concederlles os permisos necesarios para a asistencia a eles.
- 5.- Poderá ser excluído das prácticas académicas o alumnado que incumpra as actividades definidas no proxecto formativo ou as directrices marcadas polo titor da Consellería. Neste caso, esta Consellería comunicará á Universidade de Vigo esta circunstancia e, de común acordo, ambas as entidades poderán dar por finalizada anticipadamente a realización da práctica externa coa perda dous dereitos formativos. Así mesmo, o alumnado en prácticas poderá, por causas xustificadas, solicitar a renuncia a elas o que deberá ser resolto pola Vicerrectoría con competencias na materia de prácticas académicas.
- 6.- O número de prazas que se destinarán para realizar as prácticas determinarase pola Comisión de Seguimento deste convenio.

Sétima. Inclusión no réxime xeral da Seguridade Social

A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do estudantado que realice prácticas académicas externas rexerase polo establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS).

En relación coas obrigas recollidas ao abeiro da devandita disposición adicional, o estudantado que realice prácticas académicas externas incluídas en programas de formación quedan asimilados a traballadores/as por conta allea no réxime xeral.

En relación coas entidades responsables do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social, no caso das prácticas curriculares de grao, mestrado e títulos propios non remuneradas, a responsabilidade do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social será de modo xeral da Universidade de Vigo.

Oitava. Cobertura de seguros

Calquera eventualidade de accidente ou de responsabilidade civil que se puidese producir no tempo de realización das prácticas estará cuberta, segundo o caso, polo seguro escolar ou polo seguro de accidentes ou de responsabilidade civil contratados para este fin pola Universidade de Vigo.

Novena. Remuneracións

Este acordo non implica obrigas económicas nin compromisos de gastos para o orzamento da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. O alumnado non terá dereito a remuneración, indemnización nin gratificación ou compensación económica da Administración autonómica por mor da realización das prácticas.

Décima. Certificado.

Ao finalizar a realización das prácticas a Consellería emitirá para cada alumno/a un certificado no que se fará constar o tempo de colaboración, as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados. A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos quedando supeditada, para estes efectos, á avaliación que realice a Universidade de Vigo.

Undécima. Protección de datos

As partes manifestan coñecer e cumprir a lexislación europea en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, e comprométese a usar correctamente os datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril.

Con respecto aos datos de carácter persoal, as partes comprométese a:

- a) Tratalos coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.
- b) Que non sexan obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.
- c) Que non se cedan a terceiros, agás nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso do seu persoal empregado aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas as partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de dársele a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Duodécima.- Estudiantes con discapacidade

De conformidade co establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, pola que se establecen medidas para garantir e facer efectivo o dereito á igualdade de oportunidades, a Consellería comprométese a adoptar as medidas de acción positiva necesarias orientadas a establecer procesos de selección non discriminatorios coas persoas con discapacidade. No caso de que o estudante seleccionado presente algún tipo de discapacidade, a Consellería comprométese a facilitar a realización das prácticas, realizando as adaptacións precisas cos apoios e medios técnicos necesarios, que deberán ser facilitados pola Universidade de Vigo.

Décimo terceira. Comisión de seguimento e resolución de conflitos

Créase unha comisión paritaria de seguimento do presente convenio integrada por un/unha representante da Universidade de Vigo e unha/un representante da entidade colaboradora. Esta comisión resolverá os problemas

que suscite este convenio na súa execución e garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos. As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria. As posibles modificacións, formalizaranse a través das correspondentes addendas. Os conflitos que poidan xurdir polas partes, e que non se poidan resolver na comisión mixta, someteranse á resolución da xurisdición contencioso- administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

Décimo cuarta. Normativa marco

En todo caso, as prácticas realizaranse conforme o Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de alumnados universitarios, o Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario, e as resolucións do reitor da Universidade de Vigo que sexan aplicables.

Décimo quinta. Vixencia

Este convenio estará vixente desde a data de sinatura e terá unha duración de catro anos. Non obstante, antes de rematar o prazo previsto, se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo sexta. Causas de resolución

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O transcurso do prazo máximo da súa vixencia incluído o período de prórroga establecido nel.
- c) O acordo unánime das persoas asinantes.
- d) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por parte dalgunha das persoas asinantes.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- f) Por calquera das causas recollidas na normativa da universidade sobre prácticas externas (o contido do convenio).

Se no momento da rescisión algún ou algunha estudante estivese realizando prácticas, continuará estas ata o remate establecido.

Coa sinatura deste convenio queda derogado calquera outro que coa mesma finalidade asinaran as partes.

Décimo sétima. Xurisdición aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa.

As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puidesen xurdir no seo da Comisión de Seguimento.

Non obstante, as cuestións litixiosas ás que puidese dar lugar a interpretación e o cumprimento deste convenio someterán aos xulgados e tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo oitava. Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo con o previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e

Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para ou ano 2006.

As partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

E en proba de conformidade, asinan este convenio por duplicado exemplar na data de sinatura electrónica.

**Vicepresidente primeiro e
conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes**

Reitor da Universidade de Vigo

